

HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Megalitismo. 2. Marca Hispánica. 3. Unión de Armas. 4. Afrancesados.
5. Cantonalismo. 6. Pronunciamento. 7. Brigadas Internacionais. 8. Sección Feminina.

1.2. Desenvolva un dos catro temas

- 1.2.1. Conquista e romanización. (3 puntos)
- 1.2.2. O réxime feudal e a sociedade estamental. (3 puntos)
- 1.2.3. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado. (3 puntos)
- 1.2.4. O reformismo borbónico en Galicia. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre o reinado de Fernando VII. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos a explicar a política seguida polo monarca tras o seu retorno a España, a delimitación temporal e as características principais das etapas do seu reinado. (5 puntos)

Doc. 1. Decreto de Valencia, 4 de maio de 1814

“As Cortes [...] no mesmo día da súa instalación [...] despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois, sobre tal usurpación as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución [...]. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas [...], senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos”.

Doc. 2. Manifiesto de Rafael del Riego, 1 de xaneiro de 1820

“Soldados, o meu amor cara a vós é grande. Polo mesmo eu non podía consentir, como xefe voso, que se vos afastase da vosa patria [...]. España está a vivir a mercé dun poder arbitrario é absoluto, exercido sen o menor respecto ás leis fundamentais da nación. [...] A Constitución española, xusta e liberal, foi elaborada en Cádiz entre sangue e sufrimento. Máis o rei non a xurou e é necesario, para que España se salve, que o rei xure e respecte esa Constitución de 1812”.

Doc. 3. Fernando VII declara nulos os actos do goberno constitucional, *Gaceta de Madrid*, 7 de outubro de 1823

“Europa enteira, coñecendo profundamente o meu cativerio e o de toda a miña Real Familia, a mísera situación dos meus vasallos fieis e leais [...] determinou poñer fin a un estado de cousas que era o escándalo universal.

[...] Sentado xa outra vez no trono de S. Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos Aliados [...] declaro o seguinte:

Primeiro: Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o día 7 de marzo de 1820 ata hoxe, día 1º de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade, obrigado a sancionar as leis e a expedir as ordes, decretos e regulamentos que contra a miña vontade se me ditaban e expedían polo mesmo goberno”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos os factores que explican o retorno da monarquía borbónica, as características do sistema canovista e os trazos fundamentais da Constitución de 1876. (5 puntos).

Doc. 1. Discurso pronunciado no Congreso por Antonio Cánovas del Castillo, 11 de marzo de 1876

“S.M. a Raíña nai, como dixen, interveu persoal e directamente no manifesto de Sandhurst, e aquel manifesto declarou expresamente que a augusta dinastía expatriada non recoñecía como vixente a Constitución do 45, abolida polos feitos, nin a Constitución do 69, fundada polos feitos, e que os feitos mesmos destruíran.

Non hai, pois, niso máis nada ca un compromiso da dinastía; da augusta persoa que cedeu o Trono [...], e do mesmo Rei don Alfonso XII, aínda que ambas as declaracións se fixeron baixo a miña responsabilidade, a cal acepto e recollo completamente. Esas declaracións consistían en que esa augusta dinastía [...] viña a España sen ningunha Constitución escrita”.

Doc. 2. Discurso pronunciado no Congreso por Sagasta, 20 de setembro de 1881

“Perante a representación que nestas Cortes teñen todos os principios e todos os intereses, non cabe descoñecer o fallo favorable que sobre a marcha iniciada o 8 de febreiro polo meu novo goberno, acaba de pronunciar o país, desexoso de que os partidos [...] alternen pacificamente no Poder [...]. Amestrado polos sucesos, sente o país tanta necesidade de orde e repouso; anhela tan vivamente ver aseguradas as liberdades que á conta de incalculables sacrificios conquistou [...] que nada me parece tan factible como conseguir a alianza definitiva entre os dous grandes elementos en que hoxe aparece dividida a sociedade española”.

Doc. 3. A Constitución de 1876

“Artigo 11. A relixión católica, apostólica, romana, é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado no territorio español polas súas opinións relixiosas nin polo exercicio do seu respectivo culto.

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19. As Cortes compóñense de dous Corpos Colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso”.

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a política económica do franquismo. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos as principais características da etapa autárquica e os seus resultados, así como a nova orientación económica que conduciu ao «desarrollismo». (5 puntos)

Doc. 1. Preámbulo da Lei do 24 de outubro de 1939 de protección ás novas industrias de interese nacional

“Con motivo da gloriosa Cruzada en que España tivo que superar a crise máis grave da súa historia, púxose de relevo a capital importancia que para a vida da Nación ten contar no territorio patrio coas industrias necesarias para a guerra e as primeiras materias indispensables para a súa vida. A situación da nosa economía esixe, por outra banda, esforzos considerables para redimir España da importación de produtos exóticos.

O non lograr ata hoxe, non obstante as posibilidades do mercado interior, que a iniciativa particular satisfaga esas necesidades, aconsella estimular a implantación de tales industrias de acusado interese nacional, concedéndolles certas garantías e beneficios”.

Doc. 2. Preámbulo do Decreto-Lei do 20 de xullo de 1959, coñecido como «Plan de Estabilización»

“É indubidable que as medidas restritivas de emerxencia implicaban un carácter transitorio. Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigacións asumidas por España como membro de pleno dereito da OCE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obrigación de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país. Pola contra, esta función poderase exercer con maior axilidade suprimindo intervencións hoxe innecesarias”.

Doc. 3. Ingresos de divisas por turismo

Anos	Millóns de dólares
1955	90,7
1960	297,0
1965	1.156,9
1970	1.680,8

Fonte: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, Ed. Guadiana, 1974, vol. II, p. 479

HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas.**

PREGUNTA 1. RESPONDA A LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)

1. Megalitismo. 2. Marca Hispánica. 3. Unión de Armas. 4. Afrancesados.
5. Cantonalismo. 6. Pronunciamento. 7. Brigadas Internacionales. 8. Sección Femenina.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas

- 1.2.1. Conquista y romanización. (3 puntos)
- 1.2.2. El régimen feudal y la sociedad estamental. (3 puntos)
- 1.2.3. Las ideas fundamentales del pensamiento ilustrado. (3 puntos)
- 1.2.4. El reformismo borbónico en Galicia. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre el reinado de Fernando VII. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a explicar la política seguida por el monarca tras su retorno a España, la delimitación temporal y las características principales de las etapas de su reinado. (5 puntos)

Doc. 1. Decreto de Valencia, 4 de mayo de 1814

“Las Cortes [...] en el mismo día de su instalación [...] me despojaron de la soberanía, poco antes reconocida por los mismos diputados, atribuyéndola nominalmente a la nación para apropiársela para sí ellos mismos y dar a esta, después, sobre tal usurpación las leyes que quisieron, imponiéndole el yugo de que forzosamente las recibiese en una nueva Constitución [...]. Declaro que mi real ánimo es no solo no jurar ni acceder a dicha Constitución ni a decreto ninguno de las Cortes generales y extraordinarias y de las ordinarias actualmente abiertas [...], sino el declarar aquella Constitución y tales decretos nulos y de ningún valor ni efecto, ahora ni en ningún tiempo, como si no hubiesen pasado jamás tales actos”.

Doc. 2. Manifiesto de Rafael de Riego, 1 de enero de 1820

“Soldados, mi amor hacia vosotros es grande. Por lo mismo yo no podía consentir, como jefe vuestro, que se os alejase de vuestra patria [...]. España está viviendo a merced de un poder arbitrario y absoluto, ejercido sin el menor respeto a las leyes fundamentales de la nación. [...] La Constitución española, justa y liberal, ha sido elaborada en Cádiz entre sangre y sufrimiento. Mas el rey no la ha jurado y es necesario, para que España se salve, que el rey jure y respete esa Constitución de 1812”.

Doc. 3. Fernando VII declara nulos los actos del gobierno constitucional, *Gaceta de Madrid*, 7 de octubre de 1823

“Europa entera, conociendo profundamente mi cautiverio y el de toda mi Real Familia, la mísera situación de mis vasallos fieles y leales [...] determinó poner fin a un estado de cosas que era el escándalo universal. [...] Sentado ya otra vez en el trono de S. Fernando por la mano sabia y justa del Omnipotente, por las generosas resoluciones de mis poderosos Aliados [...] vengo a declarar lo siguiente:

Primero: Son nulos y de ningún valor todos los actos del gobierno llamado constitucional (de cualquier clase y condición que sean) que dominó a mis pueblos desde el día 7 de marzo de 1820 hasta hoy, día 1º de octubre de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecí de libertad, obligado a sancionar las leyes y a expedir las órdenes, decretos y reglamentos que contra mi voluntad se me dictaban y expedían por el mismo gobierno”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la Restauración. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a los factores que explican el retorno de la monarquía borbónica, las características del sistema canovista y los trazos fundamentales de la Constitución de 1876. (5 puntos).

Doc. 1. Discurso pronunciado en el Congreso por Antonio Cánovas del Castillo el 11 de marzo de 1876

“S.M. la Reina madre, como he dicho, intervino personal y directamente en el manifiesto de Sandhurst, y aquel manifiesto declaró expresamente que la augusta dinastía expatriada no reconocía como vigente la Constitución del 45, abolida por los hechos, ni la Constitución del 69, fundada por los hechos, y que los hechos mismos habían destruido.

No hay, pues, en ello nada más que un compromiso de la dinastía; de la augusta persona que cedió el Trono [...], y del mismo Rey don Alfonso XII, si bien ambas declaraciones se hicieron bajo mi responsabilidad, la cual acepto y recojo completamente. Esas declaraciones consistían en que esa augusta dinastía [...] venía a España sin ninguna Constitución escrita”.

Doc. 2. Discurso pronunciado en el Congreso por Sagasta, 20 de septiembre de 1881

“Ante la representación que en estas Cortes tienen todos los principios y todos los intereses, no cabe desconocer el fallo favorable que sobre la marcha iniciada el 8 de febrero por mi nuevo gobierno, acaba de pronunciar el país, deseoso de que los partidos [...] alternen pacíficamente en el Poder [...]. Amaestrado por los sucesos, siente el país tanta necesidad de orden y reposo; anhela tan vivamente ver aseguradas las libertades que a costa de incalculables sacrificios ha conquistado [...] que nada me parece tan hacedero como conseguir la alianza definitiva entre los dos grandes elementos en que hoy aparece dividida la sociedad española”.

Doc. 3. La Constitución de 1876

“Artículo 11. La religión católica, apostólica, romana, es la del Estado. La Nación se obliga a mantener el culto y sus ministros. Nadie será molestado en el territorio español por sus opiniones religiosas ni por el ejercicio de su respectivo culto.

Art. 18. La potestad de hacer las leyes reside en las Cortes con el Rey.

Art. 19. Las Cortes se componen de dos Cuerpos Colegisladores, iguales en facultades: el Senado y el Congreso”.

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la política económica del franquismo. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las principales características de la etapa autárquica y sus resultados, así como a la nueva orientación económica que condujo al «desarrollismo». (5 puntos)

Doc. 1. Preámbulo de la Ley de 24 de octubre de 1939 de protección a las nuevas industrias de interés nacional

“Con motivo de la gloriosa Cruzada en que España tuvo que superar la crisis más grave de su historia, se puso de relieve la capital importancia que para la vida de la Nación tiene en contar en el territorio patrio con las industrias necesarias a la guerra y las primeras materias indispensables a su vida. La situación de nuestra economía exige, por otra parte, esfuerzos considerables para redimir a España de la importación de productos exóticos.

El no haber logrado hasta hoy, no obstante las posibilidades del mercado interior, el que la iniciativa particular satisfaga esas necesidades, aconseja el estimular la implantación de tales industrias de acusado interés nacional, concediéndoles ciertas garantías y beneficios”.

Doc. 2. Preámbulo del Decreto-Ley de 20 de julio de 1959, conocido como «Plan de Estabilización»

“Es indudable que las medidas restrictivas de emergencia entrañaban un carácter transitorio. Superadas aquellas circunstancias, llegó el momento de iniciar una nueva etapa que permita colocar nuestra economía en una situación de más amplia libertad, de acuerdo con las obligaciones asumidas por España como miembro de pleno derecho de la OEEC. La mayor flexibilidad económica que se establecerá gradualmente no supone en ningún caso que el Estado abdique del derecho y de la obligación de vigilar y fomentar el desarrollo económico del país. Por el contrario, esta función se podrá ejercer con mayor agilidad suprimiendo intervenciones hoy innecesarias”.

Doc. 3. Ingresos de divisas por turismo

Años	Millones de dólares
1955	90,7
1960	297,0
1965	1.156,9
1970	1.680,8

Fuente: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, Ed. Guadiana, 1974, vol. II, p. 479.

HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Economía predadora, 2. Mozárabe, 3. Xuntas do Reino de Galicia, 4. Desamortización, 5. Ludismo, 6. Sistema de quenda, 7. Fronte Popular, 8. Lexión Cóndor.

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

1.2.1. Os pobos prerromanos da Península Ibérica. (3 puntos)

1.2.2. Reconquista e repoboación. (3 puntos)

1.2.3. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. (3 puntos)

1.2.4. O reformismo borbónico en Galicia. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre as Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás razóns para a convocatoria das Cortes en Cádiz, ás características dos deputados e aos aspectos esenciais da Constitución de 1812. (5 puntos)

Doc. 1. Declaración da constitución das Cortes, 24 de setembro de 1810:

“As Cortes xerais e extraordinarias da Nación española, congregadas na Real Isla de León, conforme en todo coa vontade xeral [...], recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo Rei ao Señor don Fernando VII de Borbón; e declaran nula [...] a cesión da coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da Nación”.

Doc. 2. Composición social dos deputados das Cortes de Cádiz:

Condición	Número	%
Clero	89	29,5
Funcionarios e cargos	82	27,2
Avogados e profesións liberais	53	17,6
Militares	42	13,9
Nobres e propietarios	23	7,6
Comerciantes e industriais	12	3,9
Total	301	100

Fonte: QuintíCasals, *La representación parlamentaria en España durante el Primer Liberalismo (1800-1836)*, Lleida, Universitat, 2014, p. 82.

Doc. 3. Título I da Constitución de Cádiz, «Da Nación española e dos españois»:

“Artigo 1. A Nación española é a reunión de todos os españois de ambos os hemisferios.

Art. 2. A Nación española é libre e independente, e non é, nin pode ser, patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na Nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4. A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a Primeira república. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ao establecemento da república, aos problemas aos que debeu enfrontarse, con especial atención ao movemento cantonal, así como ás características básicas do proxecto de Constitución federal. (5 puntos)

Doc. 1. Discurso pronunciado por Emilio Castelar nas Cortes a véspera da proclamación da República:

“Señores deputados, aquí o partido republicano non reivindica a gloria que sería para el destruír a Monarquía. [...] Non, ninguén destruíu a Monarquía en España; ninguén a matou. Eu, que tanto contribuíu a que este momento viñese, eu debo dicir que non sinto na miña conciencia, non, o mérito de concluír coa Monarquía.

Señores, con Fernando VII morreu a Monarquía tradicional; coa fuga de dona Isabel II, a Monarquía parlamentaria; coa renuncia de don Amadeo de Savoia, a Monarquía democrática; ninguén acabou con ela; morreu por si mesma”.

Doc. 2. Proxecto de Constitución federal da república española, 17 de xuño de 1873:

“Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 41. Todos os poderes son electivos, amovibles e responsables.

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e é exercida en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: O Municipio. O Estado rexional. O Estado federal ou Nación”.

Doc. 3. Manifesto da Xunta Revolucionaria de Cartaxena, 12 de xullo de 1873:

“CARTAXENEROS: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica [...] dos nosos principios. Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo republicano, na súa inmensa maioría reclamaba, [...] que se organizase a Federación establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dando a estes e ao municipio a autonomía suspirada.

A Xunta de Saúde Pública vén atender tan sacros intereses...Viva a República Federal! Viva a soberanía do pobo!”

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre as formas de oposición ao franquismo. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás identidades, aos obxectivos e ás actividades desenvolvidas por diversos sectores opoñentes ao longo da existencia do réxime. (5 puntos)

Doc. 1. O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40:

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo no cárcere ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas. [...] Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo”.

Doc. 2. Fragmento da sentenza do Consello de Guerra 650/59 contra a Agrupación Socialista Universitaria de Valencia, 3 de agosto de 1959:

“Nos últimos meses de 1958 [...] maniféstanse en Madrid e outras universidades, grupos de estudantes opostos ao SEU, baixo as denominacións Asociación Socialista Universitaria, Nova Esquerda Universitaria, Democracia Cristiá Estudiantes e Estudiantes Comunistas. E a instancia destes últimos [...] constitúese un Comité de Coordinación Universitaria.

[...] Unha destas consignas é axuntar os esforzos de todos os elementos desconformes coa política do Réxime vixente en España, especialmente no social e económico, para producir unha xornada de protesta pacífica en forma de folga de vinte e catro horas, que tería que ter lugar o 18 de xuño do ano en curso. Folga pacífica que fracasou rotundamente pola repulsa do pobo español”.

Doc. 3. Proxecto de resolución aprobado por aclamación no Congreso de Múnic:

“O Congreso do Movemento Europeo, reunido en Múnic os días 7 e 8 de xuño de 1962, estima que a integración, xa en forma de adhesión, xa de asociación de todos os países a Europa, esixe de cada un deles institucións democráticas, o que significa no caso de España [...] o seguinte:

1º. A instauración de institucións autenticamente representativas e democráticas que garantan que o Goberno se basea no consentimento dos gobernados.

2º. A efectiva garantía de todos os dereitos da persoa humana, en especial os de liberdade persoal e de expresión, con supresión da censura gubernativa.

3º. O recoñecemento da personalidade das distintas comunidades naturais”.

HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)

1. Economía predadora, 2. Mozárabe, 3. Juntas del Reino de Galicia, 4. Desamortización,
5. Ludismo, 6. Sistema de turnos, 7. Frente Popular, 8. Legión Cóndor.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas:

1.2.1. Los pueblos prerromanos en la Península Ibérica. (3 puntos)

1.2.2. Reconquista y repoblación. (3 puntos)

1.2.3. Los Decretos de Nueva Planta y sus efectos. (3 puntos)

1.2.4. El reformismo borbónico en Galicia. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre sobre las Cortes de Cádiz y la Constitución de 1812. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las razones para la convocatoria de las Cortes en Cádiz, las características de los diputados y los aspectos esenciales de la Constitución de 1812. (5 puntos)

Doc. 1. Declaración de la constitución de las Cortes, 24 de septiembre de 1810:

“Las Cortes generales y extraordinarias de la Nación española, congregadas en la Real Isla de León, conforme en todo con la voluntad general [...], reconocen, proclaman y juran de nuevo por su único y legítimo Rey al Señor don Fernando VII de Borbón; y declaran nula [...] la cesión de la corona que se dice hecha a favor de Napoleón, no solo por la violencia que intervino en aquellos actos injustos e ilegales, sino principalmente por faltarle el consentimiento de la Nación”.

Doc. 2. Composición social de los diputados de las Cortes de Cádiz:

Condición	Número	%
Clero	89	29,5
Funcionarios y cargos	82	27,2
Abogados y profesiones liberales	53	17,6
Militares	42	13,9
Nobles y propietarios	23	7,6
Comerciantes e industriales	12	3,9
Total	301	100

Fuente: Quintí Casals, *La representación parlamentaria en España durante el Primer Liberalismo (1800-1836)*, Lleida, Universitat, 2014, p. 82.

Doc. 3. Título I de la Constitución de Cádiz, «De la Nación española y de los españoles»:

“Artículo 1. La Nación española es la reunión de todos los españoles de ambos hemisferios.

Art. 2. La Nación española es libre e independiente, y no es, ni puede ser, patrimonio de ninguna familia ni persona.

Art. 3. La soberanía reside esencialmente en la Nación, y por lo mismo pertenece a esta exclusivamente el derecho de establecer sus leyes fundamentales.

Art. 4. La Nación está obligada a conservar y proteger por leyes sabias y justas la libertad civil, la propiedad, y los demás derechos legítimos de todos los individuos que la componen”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre sobre la Primera república. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos al establecimiento de la república, los problemas a los que debió enfrentarse, con especial atención al movimiento cantonal, así como las características básicas del proyecto de Constitución federal. (5 puntos)

Doc. 1. Discurso pronunciado por Emilio Castelar en las Cortes la víspera de la proclamación de la República:

“Señores diputados, aquí el partido republicano no reivindica la gloria que sería para él haber destruido la Monarquía. [...] No, nadie ha destruido la Monarquía en España; nadie la ha matado. Yo, que tanto he contribuido a que este momento viniera, yo debo decir que no siento en mi conciencia, no, el mérito de haber concluido con la Monarquía. Señores, con Fernando VII murió la Monarquía tradicional; con la fuga de doña Isabel II, la Monarquía parlamentaria; con la renuncia de don Amadeo de Saboya, la Monarquía democrática; nadie ha acabado con ella; ha muerto por sí misma”.

Doc. 2. Proyecto de Constitución federal de la república española, 17 de junio de 1873:

“Art. 39. La forma de gobierno de la Nación española es la República federal.

Art. 41. Todos los poderes son electivos, amovibles y responsables.

Art. 42. La soberanía reside en todos los ciudadanos, y se ejerce en representación suya por los organismos políticos de la República constituida por medio del sufragio universal.

Art. 43. Estos organismos son: El Municipio. El Estado regional. El Estado federal o Nación”.

Doc. 3. Manifiesto de la Junta Revolucionaria de Cartagena, 12 de julio de 1873:

“CARTAGENEROS: Los que por la voluntad de la mayoría del pueblo republicano de esta localidad hemos constituido la Junta de Salud Pública de la misma, tenemos el deber imprescindible de hacer una declaración categórica [...] de nuestros principios.

Proclamada como forma de gobierno para España la República Federal, el pueblo republicano, en su inmensa mayoría reclamaba, [...] que se organizase la Federación estableciendo inmediatamente la división regional de los cantones y dando a éstos y al municipio la autonomía suspirada.

La Junta de Salud Pública viene a atender a tan sagrados intereses...¡Viva la República Federal! ¡Viva la soberanía del pueblo!”

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre las formas de oposición al franquismo. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las identidades, los objetivos y las acciones desarrolladas por diversos sectores opositores a lo largo de la existencia del régimen.(5 puntos)

Doc. 1. El guerrillero Francisco Rey recuerda el movimiento de los años 40:

“Allí donde había hombres perseguidos que se vieron en la necesidad de huir, lo hicieron antes de caer de nuevo en la cárcel o ante un pelotón de ejecución. Marcharon así al monte hombres de todas las tendencias, socialistas, anarquistas, algunos católicos y, sobre todo, numerosos militantes comunistas. [...] Al principio nuestras acciones tenían un carácter casi exclusivamente de huidos que se mueven organizadamente buscando puntos de apoyo, hablando con las gentes de la necesidad de crear el movimiento guerrillero. Éramos los huidos, los escapados, como nos llamaba el pueblo”.

Doc. 2. Fragmento de la sentencia del Consejo de Guerra 650/59 contra la Agrupación Socialista Universitaria de Valencia, 3 de agosto de 1959:

“En los últimos meses de 1958 [...] se manifiestan en Madrid y otras universidades, grupos de estudiantes opuestos al SEU, bajo las denominaciones Asociación Socialista Universitaria, Nueva Izquierda Universitaria, Democracia Cristiana Estudiantes y Estudiantes Comunistas. Y a instancia de estos últimos [...] se constituye un Comité de Coordinación Universitaria.

[...] Una de estas consignas es aunar los esfuerzos de todos los elementos disconformes con la política del Régimen vigente en España, especialmente en lo social y económico, para producir una jornada de protesta pacífica en forma de huelga de veinticuatro horas, que tendría que tener lugar el 18 de junio del año en curso. Huelga pacífica que fracasó rotundamente por la repulsa del pueblo español”.

Doc. 3. Proyecto de resolución aprobado por aclamación en el Congreso de Munich:

“El Congreso del Movimiento Europeo, reunido en Munich los días 7 y 8 de junio de 1962, estima que la integración, ya en forma de adhesión, ya de asociación de todos los países a Europa, exige de cada uno de ellos instituciones democráticas, lo que significa en el caso de España [...] lo siguiente:

1º. La instauración de instituciones auténticamente representativas y democráticas que garanticen que el Gobierno se basa en el consentimiento de los gobernados.

2º. La efectiva garantía de todos los derechos de la persona humana, en especial los de libertad personal y de expresión, con supresión de la censura gubernativa.

3º. El reconocimiento de la personalidad de las distintas comunidades naturales”.

ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

1

Definición do termo **MEGALITISMO** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Expresión cultural que xorde no Neolítico e se prolonga ata o Bronce Final, caracterizada polas construcións arquitectónicas feitas con grandes bloques de pedra (denominados megálitos). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - As principais construcións megalíticas son os enterramentos colectivos (dolmen ou anta en Galicia, mámoa, <i>tholos</i>) o menhir ou pedra fincada e o <i>cromlech</i> ou círculos líticos. - Desenvólvese no Mediterráneo e na Europa atlántica. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - Os dólmenes constan dunha cámara sepulcral precedida ou non de corredor e o <i>tholos</i> ten falsa cúpula. - É posible que os menhires fosen indicadores de camiños ou delimitacións territoriais e que os <i>cromlech</i> estivesen relacionados con cultos propiciatorios do ciclo agrícola. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **MARCA HISPÁNICA** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Fronteira creada polos francos ao sur dos Perineos para frear a expansión musulmá. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.

<p>Notable (0,35-0,4)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Eran núcleos de resistencia cristiá fronte Al-Andalus. -Foi creada por Carlomagno a finais do s.VIII e ía desde Pamplona ata Barcelona. Redacción: correcta</p>
<p>Sobresaliente (0,45-0,5)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - Á fronte dos mesmos os reis francos designaron condes, uns de orixe franca e outros autóctonos, que actuaban como vasallos seus. - Cando se independizaron deron lugar aos reinos de Navarra e Aragón. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **UNIÓN DE ARMAS (ata 0,5 puntos)**

<p>Suspense (0-0,1)</p>	<p>Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto</p>
<p>Suspense (0,15-0,2)</p>	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
<p>Aprobado (0,25-0,3)</p>	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Proxecto elaborado polo conde-duque de Olivares coa finalidade de crear un gran exército composto por soldados procedentes de todos os reinos que integraban a monarquía hispánica que garante a hexemonía dos Austrias españois en Europa. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
<p>Notable (0,35-0,4)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Olivares era o valido de Filipe IV e partidario de impulsar unha política agresiva en Europa - Mediante a Unión de Armas repartíase a carga militar e fiscal entre todos os reinos peninsulares, ademais dos Países Baixos e as posesións españolas en Italia, deixando de recaer estas tarefas exclusivamente en Castela como viña sucedendo. - O proxecto establecía a creación dun exército de reserva e tiña unha importante dimensión política, pois implicaba abolir os particularismos dos reinos que contaban con privilexios institucionais Redacción: correcta</p>
	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O proxecto elaborouse en 1625.</p>

Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>-A Unión de Armas implicaba modificar o modelo político de monarquía dos Austrias no sentido de reforzar a autoridade do rei e facilitar a progresiva integración dos diferentes territorios que a compoñían</p> <p>-Tivo escaso éxito en Aragón e Valencia e xerou unha forte oposición en Cataluña e Portugal, o que contribuiu a alimentar as rebelións destes territorios en 1640.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>
------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Definición do termo **AFRANCESADOS** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <p>-Españois que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte.</p> <p>Eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencentes ás elites sociopolíticas e culturais do país.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <p>-Pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España.</p> <p>-A derrota e retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia.</p> <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <p>-O termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición como colaboracionistas cos invasores.</p> <p>-Algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **CANTONALISMO** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
----------------------------	---------------------------------------------------------------

Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Insurrección que tivo lugar durante a Primeira República - O seu obxectivo era implantar unha república federal. - O proceso debía facerse “desde abaixo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía - O movemento desenvolveuse durante o goberno de Pi i Margall, republicano federal moderado. - Este movemento provocou a división dos republicanos federais en cantonalistas e moderados ou transixentes, partidarios da reorganización do Estado mediante unhas Cortes constituíntes. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - O movemento tivo lugar entre 1873 e 1874 - O fracaso da política de Pi i Margall provoca a caída do seu goberno e a represión da rebelión polo exército. - Os cantonalistas tamén defendían outras reformas, como a supresión de consumos e quintas ou o reparto da terra. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **PRONUNCIAMENTO** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Termo aplicado durante o século XIX para designar un golpe de Estado ou alzamento militar para derrubar un Goberno. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)

(0,35-0,4)	-Foron moi numerosos e decisivos na evolución do sistema político liberal español. -Faise referencia explícita a algún dos numerosos pronunciamentos do s.XIX. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Houbo pronunciamentos de distinto signo político: liberais contra gobernos absolutistas, progresistas contra gobernos moderados e viceversa. -Faise referencia explícita a algún dos pronunciamentos do s.XIX indicando o seu signo político (por exemplo o pronunciamento liberal de Riego contra o réxime absolutista de Fernando VII, os pronunciamentos progresistas dos Sarxentos da Granxa, a Vicalvarada ou a Gloriosa, os pronunciamentos moderados de Narváez contra Espartero, de Martínez Campos en 1874...) -A inxerencia do exército na vida política foi un elemento que causou gran inestabilidade na construción do Estado liberal en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **BRIGADAS INTERNACIONAIS** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil defendendo a República. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado). - Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. - Houbo brigadistas de máis de 50 países, pero destaca a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. Redacción: correcta
	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo.

Sobresaliente (0,45-0,5)	<ul style="list-style-type: none"> - Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid, en novembro de 1936. - Abandonaron o país trala derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938) polas presións do Comité de Non Intervención. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>
------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Definición do termo **SECCIÓN FEMININA** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rama feminina de FET das Xons. -Organización destinada a integrar as mulleres, desde a xuventude, no ideario do réxime. -Desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais, sometidas á tutela dos varóns. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Organización dirixida por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador da Falanxe. -Desenvolveu os seus obxectivos mediante programas de Iniciación ao Fogar e Educación Física en escolas e campamentos do verán. -Funcionou durante corenta anos e foi disolvida pola Transición. <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Foi fundada en 1934. -Controlou o Servizo Social da Muller, os traballos sociais que debían realizar obrigatoriamente todas as mulleres españolas. -Impulsou obradoiros e publicacións destinadas a facilitar o adoutramento feminino. -Desapareceu en 1977. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Pregunta a desenvolver: CONQUISTA E ROMANIZACIÓN (ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: - O interese romano pola Península Ibérica no contexto do enfrontamento cos cartaxineses no Mediterráneo. - As diferentes etapas da conquista. - O desenvolvemento do proceso de romanización en paralelo á conquista. - Os principais elementos de romanización (organización político-administrativa do territorio, lingua, cultura e obras públicas). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver: O RÉXIME FEUDAL E A SOCIEDADE ESTAMENTAL (ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: - A ausencia dun poder centralizado do Estado polas dificultades do monarca para exercer a súa autoridade en todos os dominios. -O consecuente fortalecemento da nobreza laica e eclesiástica. -O carácter patrimonial do reino e a condición hereditaria da monarquía. - As relacións de vasalaxe como base do poder: formación da pirámide feudal en razón dos diferentes lazos de dependencia establecidos. -A organización e principais características dunha sociedade estamental na que uns grupos posuían privilexios e vantaxes xurídicas, e os outros non.

	-Diferenzas na concepción da monarquía entre as Coroas de Castela e a de Aragón (autoritarismo/pactismo). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver: AS IDEAS FUNDAMENTAIS DO PENSAMENTO ILUSTRADO (ata 3 puntos)

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspense (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: - A preeminencia outorgada polos ilustrados á razón fronte a tradición e as ideas preconcebidas. - A importancia outorgada á educación como mecanismo para acadar os obxectivos de progreso. - A oposición á Igrexa e aos seus privilexios. - A crítica do absolutismo monárquico. - A crítica dos privilexios sociais, sen cuestionar a orde social. -Referencia ao caso español (características propias, ilustrados...) Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: O REFORMISMO BORBÓNICO EN GALICIA (ata 3 puntos)

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspense (0,9-1,2)	Coñecementos: - Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) - Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A importancia estratéxica de Galicia no s.XVIII desde o punto de vista militar e comercial. -A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar. -A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns. -As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servizo de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: **A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E O ABSOLUTISMO** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas
	Contidos: -Referencia básica ás etapas políticas do reinado de Fernando VII e a algunhas das súas características:

<p>Aprobado (2,5-3)</p>	<p>-O Sexenio Absolutista: o regreso de Fernando VII despois da vitoria fronte a Francia e o restablecemento do absolutismo abolindo a obra das Cortes de Cádiz.</p> <p>-O Trienio Liberal: o triunfo dun pronunciamento liberal en 1820 e o establecemento dun goberno desta ideoloxía durante tres anos</p> <p>-A Década Ominosa: o restablecemento do absolutismo logo da intervención dos Cen Mil Fillos de San Luís.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
<p>Notable (3,5-4)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicar os factores que favoreceron o restablecemento do absolutismo por parte de Fernando VII ao seu regreso a España. - Comentar o recurso ao pronunciamento por parte dos liberais para forzar o rei a cambiar de sistema político. - Explicar os factores que permitiron a volta do absolutismo en 1823 (intervención da Santa Alianza). <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado): a resposta analiza a oposición do rei á obra das Cortes de Cádiz (doc.1), identifica o documento 2 cun pronunciamento militar de signo liberal e comenta a anulación rexia dos decretos do goberno do Trienio Liberal (doc.3)</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
<p>Sobresaliente (4,5-5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varia das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer referencia á defensa do absolutismo realizada por algúns dos deputados presentes nas Cortes de Cádiz. - Mencionar outros pronunciamentos fallidos anteriores ao de Riego. - Incidir no contexto internacional favorable ao absolutismo a raíz do Congreso de Viena. - Abordar a problemática sucesoria: as súas causas e consecuencias. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, analizar en profundidade algún dos documentos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -A resposta afonda na crítica do principio da soberanía nacional e da redacción dunha Constitución que se recolle no doc.1 -A resposta comenta a defensa da monarquía constitucional e do restablecemento da constitución de 1812 que se fai no doc.2 -A resposta relaciona de xeito explícito partes do doc.3 coa Santa Alianza e os Cen mil fillos de San Luís (“Europa enteira... determinou poñer fin a un estado de cousas que era escándalo universal” “sentado xa outra vez no trono ... polas xenerosas resolucións dos meus poderosos Aliados”) <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

Composición histórica: **O RETORNO DA MONARQUÍA E A CONSTITUCIÓN DE 1876** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar a volta da monarquía borbónica como consecuencia do fracaso e a inestabilidade da I República. -Relacionar o novo réxime político coa figura de Cánovas del Castillo. -Citar as características básicas do sistema da Restauración: xénese conservadora, monarquía constitucional e quenda pacífica de dous partidos. -Sinalar os trazos fundamentais da constitución de 1876: soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos... Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións) -Referir o papel esencial de Cánovas no proceso político de retorno da monarquía borbónica (creación do “partido afonsino”, consecución da abdicación de Sabela II, redacción do manifesto de Sandhurst...) -Sinalar a proclamación de Afonso XII como rei a través do pronunciamento militar de signo moderado de Martínez Campos. -Explicar os trazos políticos da Restauración: o papel que no sistema político xogan as institucións básicas (Cortes e Coroa), o funcionamento do denominado “turnismo” entre conservadores e liberais... -Facer fincapé no recurso á quenda pacífica como instrumento de estabilidade política: fórmula para rematar co intervencionismo do exército na vida política española (supremacía do poder civil sobre o militar), evitar a proliferación de enfrontamentos civís, superar o carácter excluínste e partidista do reinado de Sabela II... -Afondar nas características da constitución de 1876: sistema bicameral, cuestión relixiosa, dereitos e liberdades... Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Salientar o papel desenvolvido pola raíña Sabela II na volta da monarquía borbónica a España (doc.1). -Relacionar o doc.2 co inicio da quenda pacífica ao asumir o partido liberal de Sagasta o poder por primeira vez.

	<p>-Relacionar de xeito explícito algunha das características da constitución de 1876 cos artigos recollidos no doc.3</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varia das seguintes cuestións)</p> <p>-Referir de xeito explícito as tensións características da I República (enfrentamento entre republicanos, guerra carlista, guerra en Cuba, reivindicacións sociais da AIT, medo dos grupos conservadores á revolución social..) como factores explicativos da Restauración da monarquía borbónica.</p> <p>-Salientar a admiración de Cánovas polo parlamentarismo inglés.</p> <p>-Facer referencia ao desexo de Cánovas de que a restauración monárquica se fixese por vía pacífica e non a través da intervención militar.</p> <p>-Sinalar a constitución de 1876 como unha síntese ou punto medio entre a de 1845 e a de 1869.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <p>-Xustificar a necesidade dunha nova constitución que superase ás do 45 e 69 no doc.1 /Establecer unha relación entre as referencias explícitas que no documento 1 se fai á ausencia de constitución no novo réxime co doc.3 (a propia constitución).</p> <p>-Criticar o papel ficticio das Cortes da Restauración a partir do falso argumento que se recolle no doc.2 (“a representación que nestas Cortes teñen todos os principios e todos os intereses”)/ Comentar as similitudes existentes entre os dous partidos gobernamentais e que posibilitan “a alianza definitiva entre os dous grandes elementos en que hoxe aparece dividida a sociedade española”</p> <p>-Utilizar o artigo 11 recollido no doc.3 á hora de exemplificar como a constitución de 1876 é un punto intermedio entre a de 1845 (Estado confesional) e a de 1869 (Estado aconfesional).</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

Composición histórica: **A POLÍTICA ECONÓMICA DO FRANQUISMO**
(ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5)</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
	Contidos:

Aprobado (2,5-3)	<p>- Sinala as características da autarquía e as súas consecuencias</p> <p>-O “desarrollismo” dos anos 60: orientación e liñas mestras.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións)</p> <p>-Referir as outras etapas da política económica franquista e os seus trazos esenciais: a liberalización económica dos anos 50 e a crise económica sufrida a partir de 1973.</p> <p>-Afondar nos factores que influíron no crecemento económico dos anos 60 (plans de desenvolvemento, turismo, emigración, investimento estranxeiro...)</p> <p>-Facer un balance dos efectos económicos do “desarrollismo”.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <p>-Identificar as bases da política autárquica (doc.1)</p> <p>-Citar as liñas mestras do Plan de Estabilización (doc.2)</p> <p>-Argumentar os efectos positivos do turismo na España franquista (doc.3)</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varia das seguintes cuestións)</p> <p>-Afondar na relación existente entre a evolución económica e a política franquista (illamento dos anos 40, recoñecemento do réxime no contexto da Guerra Fría -Pacto de Madrid-, goberno dos tecnócratas, problemas do tardofranquismo).</p> <p>-Facer referencias explícitas a varias das medidas concretas desenvolvidas en cada etapa (p.ex. Plan de saneamento da economía, Lei de Protección e Fomento da Industria Nacional, creación do INI, creación do INC, ingreso no FMI, creación dos Polos de Desenvolvemento Industrial e dos Polos de Promoción Industrial...).</p> <p>-Comentar os efectos sociais, demográficos, culturais, ecolóxicos... do “milagre español”.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, no comentario):</p> <p>-Relaciónase a política autárquica con algúns dos fundamentos ideolóxicos do réxime franquista aos que se fai alusión no doc.1</p> <p>-Relaciónase o contido do doc.2 coa política exterior franquista dos anos 50.</p> <p>-Coméntanse as diferentes magnitudes do crecemento do turismo español, incidindo no débil punto de partida, no gran crecemento que tivo lugar en 15 anos e o salto rexistrado entre 1960 e 1965 (doc. 3).</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo **Economía predadora** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Modo de vida característico do Paleolítico, propio de sociedades que non producen alimentos e basean a súa supervivencia na caza, na pesca e na recolección de froitos. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Estas actividades obrigaban ás comunidades humanas a un constante nomadismo ao teren que desprazarse detrás do alimento. -Esta itinerancia durará ata o Neolítico, cando as comunidades comezan a practicar a agricultura e a gandaría. -Aínda que a poboación vivía en pequenos grupos, estes carecían dunha clara xerarquización ou de división do traballo. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -O Paleolítico abrangue entre os 2,5 millóns de anos e o 10.000 a.C. -Os principais restos arqueolóxicos desta etapa son instrumentos de técnica de pedra tallada que servían para a caza e a pesca, así como a arte rupestre. -Nomear algún dos principais xacementos arqueolóxicos da P. Ibérica (Atapuerca, Altamira...) Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Mozárabe** (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta

(0,15-0,2)	Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Cristián de orixe hispanovisigoda que vivía en Al-Ándalus durante a dominación árabe da península ibérica. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Aínda que gozaban de tolerancia sobre o seu culto e certa autonomía interna, estaban obrigados a pagar un imposto ás autoridades musulmás. - O seu número foi diminuindo pola progresiva islamización da poboación peninsular (adopción dos costumes musulmás e a lingua árabe). -A convivencia entre mozárabes e musulmáns foi pacífica, pero algúns grupos de mozárabes acabaron fuxindo aos reinos cristiáns do norte da Península. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Estiveron presentes na Península entre os séculos VIII e XI. -Coa chegada dos almorábides no século XI, os mozárabes foron deportados masivamente ao norte de África. -A fuxida dalgúns destes membros cara aos reinos cristiáns do Norte peninsular fixo que se desenvolvese un tipo de arte prerrománica que leva o mesmo nome. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Xuntas do Reino de Galicia (ata 0,5 puntos)**

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Institución que actuaba en representación do reino de Galicia ante a Coroa no Antigo Réxime. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Estaba integrada polos deputados das cidades capitais das setes provincias galegas -As súas reunións facíanse á petición do monarca para repartir a

	<p>carga fiscal e as levas militares concedidas previamente polas Cortes casteláns ou para a concesión de donativos propios.</p> <p>-As reunións tamén servían para debater a situación do reino e facer chegar ao rei as súas peticións.</p> <p>Redacción: correcta.</p>
<p>Sobresaliente (0,45-0,5)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <p>-Nas Xuntas estaban representadas as cidades de Santiago, Lugo, Ourense, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui.</p> <p>-Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a Galicia de voto nas Cortes de Castela, que obtiveron durante o reinado de Felipe IV (1623).</p> <p>-Foron creadas no século XVI e estaban presididas polo Gobernador e Capitán Xeral de Galicia.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Definición do termo **Desamortización (ata 0,5 puntos)**

<p>Suspense (0-0,1)</p>	<p>Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto</p>
<p>Suspense (0,15-0,2)</p>	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
<p>Aprobado (0,25-0,3)</p>	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <p>-Conxunto de leis que modificaron o réxime de propiedade permitindo a apropiación e venda por parte do Estado de propiedades daquelas institucións que tiñan prohibida a venda dos seus bens raíces.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
<p>Notable (0,35-0,4)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <p>-Está ligada aos cambios que proveñen da implantación do sistema liberal en España.</p> <p>-Supuxo unha gran alteración da estrutura da propiedade do Antigo Réxime.</p> <p>-A venda das propiedades facíase en réxime de poxa pública.</p> <p>Redacción: correcta</p>
<p>Sobresaliente (0,45-0,5)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <p>-As principais operacións fixéronse a instancias de Mendizábal (1835), Espartero (1840) e Madoz (1855).</p> <p>-As principais operacións coinciden con momentos nos que os progresistas acceden ao poder.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p>

	Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	------------------------------------------------------------------------------

Definición do termo **Ludismo (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Destrución de máquinas e/ou incendio de fábricas por parte dos obreiros industriais pola perda de postos de traballo que supuñan. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Foi unha das consecuencias do proceso de mecanización impulsado pola revolución industrial. -Foi unha das primeiras formas de expresión do malestar obreiro, que décadas máis tarde transformárase no movemento sindical. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Concéntrase esencialmente nas fábricas da industria téxtil -Xorde en Gran Bretaña a principios do século XIX. -Facer algunha referencia ás accións luditas en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Sistema de quenda (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Elemento fundamental do sistema político da Restauración baseado na alternancia pacífica no poder dos dous partidos dinásticos, o conservador e o liberal. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):

	<p>-Tiña como obxectivo declarado evitar o intervencionismo do exército e os enfrontamentos políticos.</p> <p>-O sistema foi ideado por Antonio Cánovas del Castillo, líder do Partido Conservador e sería posible pola colaboración do líder do Partido Liberal, Práxedes Mateo Sagasta.</p> <p>-A alternancia no poder facíase posible a través da manipulación electoral e a actuación dos caciques.</p> <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <p>-O sistema iniciouse tras a chegada de Alfonso XII a España en 1875.</p> <p>-A quenda desenvolveuse regularmente entre 1876 e 1898, cando o sistema entrou en crise; sendo maioría os gobernos conservadores.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Fronte Popular (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <p>-Coalición política de esquerdas que gaña as eleccións de 1936.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):</p> <p>-Trátase dunha coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas.</p> <p>-Gañaron as eleccións pero o seu goberno foi moi breve, dado que en xullo tivo lugar un golpe de Estado que daría orixe á Guerra Civil.</p> <p>Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <p>-A coalición formouse para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936.</p> <p>-Aspiraban a impulsar as reformas emprendidas no Bienio Reformista.</p> <p>-O seu programa avogaba pola amnistía aos represariados da revolución de 1934.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión</p>

	recomendada.
--	--------------

Definición do termo **Lexión Cóndor** (ata 0,5 puntos)

Suspenseo (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenseo (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Aviación enviada pola Alemaña nazi en axuda dos sublevados (bando franquista) durante a guerra civil. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Constituíu unha ferramenta fundamental para a vitoria franquista. -Hitler empregou a guerra civil española como banco de probas para a próxima guerra mundial. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Esta axuda supuña saltarse os acordos do Comité de Non Intervención. -Esta axuda pagaríase con minerais e outros produtos unha vez rematara a guerra. -É responsable do bombardeo de Guernica, no País Vasco. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: Os pobos prerromanos da Península Ibérica
(ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Principais características das culturas peninsulares existentes na Península durante a Idade do Ferro: a) <u>pobos do sur e do Levante</u> (Tartessos e iberos) b) <u>pobos meseteños</u> c) <u>pobos do norte e do occidente</u> (referencia explícita aos trazos esenciais)

	da cultura castrexa). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: Reconquista e repoboación (ata 3 puntos)

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspense (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9). -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2). Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: - A formación dunha serie de núcleos cristiáns na Península, en paralelo á constitución política de Al-Andalus. - As principais etapas da Reconquista e os avances territoriais característicos de cada unha delas. - O proceso de repoboamento, explicando os diferentes modelos de repoboación que se levaron a cabo en cada etapa. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver: Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos (ata 3 puntos)

Suspense	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
----------	-------------------------------------------------------------

(0-0,6)	
Suspenseo (0,9-1,2)	<p>Coñecementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (1,5-1,8)	<p>Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conxunto de decretos que suprimiron o réxime foral da Coroa de Aragón, as súas institucións e leis propias. -Foi unha reforma auspiciada polo monarca Filipe V. -O seu obxectivo era acadar un maior grado de centralización territorial, seguindo o modelo francés. -Xustificouse polo apoio prestado polos aragoneses a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión -Aplicouse en paralelo ao dominio efectivo dos diferentes reinos da Coroa. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (2,1-2,4)	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. <p>Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (2,7-3)	<p>Resposta con precisións e aclaracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Pregunta a desenvolver: O reformismo borbónico en Galicia (ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	<p>Coñecementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (1,5-1,8)	<p>Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A importancia estratéxica de Galicia no século XVIII desde o punto de vista militar e comercial. -A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar. -A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns. -As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servicio de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña. <p>- Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>

Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

**Composición histórica: As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812
(ata 5 puntos)**

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar a convocatoria a Cortes na rexencia establecida durante a guerra contra os franceses. -Mencionar os factores que levaron a que as Cortes se celebrasen en Cádiz (cidade que resistía o asedio francés) e as súas consecuencias a nivel político (substitución de moitos dos deputados escollidos nos diferentes territorios por representantes gaditanos, maioritariamente liberais). -Comentar as características das Cortes e as principais tendencias ideolóxicas dos deputados. -Principais características da constitución de 1812: soberanía, organización do poder, dereitos(sufraxio) e liberdades, relación Igrexa/Estado. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións): -Mencionar o proceso de elección dos deputados (sufraxio universal masculino indirecto) e sinalar a presenza de representantes das colonias americanas. -Comentar as primeiras decisións adoptadas: recoñecemento como rei de Fernando VII, soberanía nacional, igualdade ante a lei. -Afondar nos trazos da carta constitucional: institucións que exercen cada un dos poderes do Estado, cámara única, organización territorial do estado, regulación da Milicia Nacional...

	<p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Empregar o contido do doc.1 na argumentación do comentario no referente ao recoñecemento de Fernando VII como rei e/ou o principio de soberanía Nacional. -Analizar a condición social dos deputados empregando os datos do documento 2. -Relacionar de xeito explícito algunha das características da constitución de 1812 cos artigos recollidos no doc.3. <p>Redacción: correcta e texto coherente.</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Detallar o proceso de convocatoria e constitución das Cortes: convocatoria inicial pola Xunta Suprema Central, mantemento da convocatoria polo consello de Rexencia (1810), reunión na Isla de León e traslado posterior a Cádiz (1811). -Incidir nas diferenzas esenciais entre o modelo político de Antigo Réxime e o liberal defendido polas Cortes (comparación do concepto de soberanía, a organización do poder, a organización social...). -Comentar a transcendencia política da Constitución e as dificultades atopadas para a súa implantación. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contigo dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vincular a restauración da monarquía borbónica ao consentimento da nación, o que supón unha ruptura explícita co sistema político propio do Antigo Réxime (doc. 1) -Valorar o peso dos distintos grupos sociais entre os deputados de Cádiz, sinalando o destacado papel do clero e dos funcionarios e as consecuencias derivadas da súa presenza maioritaria (doc. 2) -Utilizar o artigo 1 para comentar a influencia do cambio de réxime no proceso de independencia das colonias americanas, os artigos 2 e 3 para subliñar as consecuencias políticas do recoñecemento da soberanía nacional ou o artigo 4 para enumerar os principais dereitos recollidos na Constitución de 1812. <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

Composición histórica: A Primeira República (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5).</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2).</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas,</p>

	frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	<p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Contextualizar a proclamación da I República no fracaso da experiencia monárquica de Amadeu de Savoia. -Indicar as principais características do proxecto de Constitución Federal (soberanía popular, república federal, sufraxio universal masculino...). -Sinalar os principais factores de debilidade do réxime republicano facendo especial mención do movemento cantonal. <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comentar a división interna dos republicanos (unitarios, federais gradualistas e federais radicais). -Explicar o proceso de convocatoria de cortes constituíntes e o seu resultado. -Afondar nas características do proxecto constitucional e nas razóns do seu fracaso. -Incidir no desenvolvemento do movemento cantonal. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Incidir na incapacidade da monarquía parlamentaria de Amadeu de Savoia para resolver os problemas que afectaban ao sistema político español (doc.1) -Relacionar de xeito explícito algunha das características da constitución federal cos artigos recollidos no doc. 2. -Salientar o papel desenvolvido polo cantón de Cartaxena no movemento cantonal empregando o contido do doc.3.
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Referirse á sucesión de gobernos e presidentes que tivo lugar na I República (Figueras, Pi i Margall, Salmerón e Castelar) e á súa incapacidade para satisfacer as aspiracións populares. -Citar os efectos das guerras carlista e de Cuba no desenvolvemento da república. -Comentar a vinculación entre o cantonalismo e as aspiracións sociais e políticas das clases populares. -Explicar o fin do réxime republicano poñéndoo en relación cos golpes de Estado dos xenerais Pavía e Martínez Campos. <p>Uso dos documentos: (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sinalar as dificultades existentes para o desenvolvemento do estado liberal en España, subliñando o papel xogado no mesmo polo partido republicano (doc.1). -Utilizar os artigos 39 e 43 para precisar a forma de organización do Estado (estado nacional, estados federais, municipios) e/o os artigos 41

	<p>e 42 para incidir no papel das Cortes e na autonomía dos diferentes poderes do estado (doc.2).</p> <p>-Comparar a concepción de República federal defendida por gradualistas e radicais ou cantonalistas (doc.3).</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>
--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Composición histórica: **As formas de oposición ao franquismo**
(ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0).</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5).</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2).</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (2,5-3)	<p>Contidos: -Contextualizar a oposición ao franquismo na carencia de dereitos e liberdades logo do establecemento dun réxime ditatorial. -Sinalar os trazos esenciais das diferentes formas de expresión da oposición franquista seguindo unha orde cronolóxica: a actividade guerrilleira na inmediata posguerra, a protesta estudantil e obreira dos anos 50/60 e a organización de partidos políticos clandestinos nos anos 60/70.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións) -Incidir nos trazos da actividade guerrilleira e na súa represión. -Explicar as reivindicacións do movemento estudantil, sinalar a súa vinculación co socialismo e comunismo e mencionar a reacción do réxime respecto do mesmo. -Sinalar o papel dos obreiros na oposición ao réxime salientando a creación de CC.OO. -Referir o desenvolvemento da oposición política destacando o peso de comunistas e socialistas no mesmo.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Sinalar a composición do movemento guerrilleiro e a súa cronoloxía (doc. 1). -Incidir na organización do movemento estudantil e no papel das folgas como instrumento de protesta (doc.2). -Explicar os obxectivos políticos dos partidos presentes no Congreso de Múnic (doc.3).</p>

	Redacción: correcta e texto coherente.
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Afondar na actividade guerrilleira en Galicia (mención dalgún dos máis nomeados guerrilleiros p.ex. Foucellas, Piloto...)/explicar as causas do fin do movemento guerrilleiro. -Afondar nos mecanismos de represión do movemento estudantil/mencionar algún exemplo significativo (p.ex. caso Ruano, sanción de Tierno Galván...). -Explicar as circunstancias que fixeron posible a presenza española no IV Congreso do Movemento Europeo. -Referir o incremento das forzas de oposición ao réxime no tardofranquismo (proliferación de grupos terroristas, oposición desde o exterior, xurdimento de oposición nos piares do réxime: Igrexa, exército, partido único). <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comentar a evolución do movemento guerrilleiro desde a desorganización inicial ata a formación de federacións (doc.1) -Afondar nos instrumentos de represión dos movementos sociais (Tribunais de Orde Público e Consellos de Guerra) (doc. 2) -Relacionar de xeito explícito os acordos de Múnic que figuran no documento 3 coa situación política propia dos anos 60. <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>